

BANDO

INDICACIÓNS PARA A REALIZACIÓN DE FOGUEIRAS CON MOTIVO DAS FESTIVIDADES DE SAN XOÁN E SAN PEDRO NO CONCELLO DA CAPELA EN TERREOS PRIVADOS PROMOVIDAS POR PARTICULARES

DON MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, ALCALDE DO CONCELLO DA CAPELA

En cumprimento do establecido na Lei 3/2007, de 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e da Lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia, **FAGO SABER QUE:**

Aquelas persoas que vaian prender unha fogueira con motivo da celebración das festas de San Xoán e San Pedro nas noites do 23 e 24 e do 28 e 29 de xuño, respectivamente, deberán presentar ante o concello un escrito de declaración responsable/comunicación previa de acordo co modelo que está a disposición dos veciños na sede electrónica do Concello da Capela e nas oficinas do Rexistro Municipal. A presentación farase por persoa maior de idade de xeito telemático a través da citada sede electrónica ou de xeito presencial nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas **ata o día 20 de xuño**, se ben neste último día só se poderán presentar **ata as 12:00 horas**, co coñecemento e compromiso de cumprimento das seguintes normas:

- O interesado que organice o evento deberá coidar de ter limpo de malezas e restollos ou calquera outro material combustible como mínimo nun radio de 5 metros arredor da fogueira e contar con medios de extinción do lume axeitados e dispoñibles de xeito inmediato para o caso de que fose necesario. Igualmente deberá coñecer o número de teléfono dos

Bombeiros (080) e o de Emerxencias (112)



Concello da Capela

- Porase especial coidado en situar a fogueira alonxada como mínimo 50 metros das vivendas, vehículos, instalacións, locais, masas arbóreas ou zonas vexetais susceptibles de ser queimadas, etc; asemade non se situará baixo tendidos eléctricos ou telefónicos e en todo caso, estará en zonas libres de combustibles ou produtos inflamables.
- Deberase respectar unha distancia mínima entre fogueiras de 100 metros. En ningún caso a fogueira poderá superar os 4 metros de altura e 3 metros de diámetro, ocupar terreo ou espazo público nin entorpecer os viais de acceso e circulación da zona.
- Prohíbese a queima de neumáticos, plásticos, espumas de poliuretano, aceites e en xeral de calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico, sen que se permita o uso de gasolinas ou acelerantes similares para o inicio ou mantemento do lume.
- En ningún caso se botarán ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda que estean baleiros.
- A fogueira permanecerá vixiada polos solicitantes ata a súa total extinción que deberá ser asegurada empapando os restos totalmente con auga, asegurándose de que as cinzas queden totalmente apagadas.
- No caso de que se levante vento que poida dificultar a vixilancia e extinción da fogueira esta deberá suspenderse ou apagarse de inmediato.
- Non se permitirán as fogueiras en espazos naturais protexidos nin no solo forestal e no solo de influencia forestal.
- En todo caso a responsabilidade dos danos causados tanto na súa propiedade como na de outros, incluído o dominio público, será exclusiva do solicitante, incluído o dominio público.

O que se fai público para o seu coñecemento e debido cumprimento agradecendo de antemán a súa colaboración.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

